



FEDERACIÓN
DE CENTROS XUEVÉNIS DON BOSCO
DE GALICIA



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2022



FEDERACIÓN
DE CENTROS XUEVÉNIS DON BOSCO
DE GALICIA



+



+



+



+



Índice

Índice	2
Federación Don Bosco	3
Quen somos	
Misión	
Recursos humanos	
Programas e actividades agrupados por destinatarios	4
Infancia	5
Mocidade	7
Familias	9
Voluntariado	10
Economía	11
Traballo na red	12




Federación Don Bosco

Quen somos

Somos unha entidade sen ánimo de lucro, prestadora de servizos sociais, que traballa no ámbito da animación sociocultural e do tempo libre, a prol do desenvolvemento integral da infancia e da mocidade galega.

Nace no ano 1993, e na actualidade están federadas: Abeiro da Coruña, Abertal de Vigo, Amencer de Ourense, Ateibo de Lugo e Don Bosco de Santiago, e agrupamos un colectivo de mais de 550 voluntarios/as e 4.700 persoas destinatarias directas entre nenos/as e mozos/as e familias.

Traballamos no campo da prevención, educación no tempo libre, animación xuvenil e desarrollo socio-cultural, cunha identidade e estilo educativo propio.



Misión

Contribuir no tempo libre á educación e promoción integral dos nenos e nenas, adolescentes e mozos, desde unha opción e estilo educativo propio, é dicir, mediante o protagonismo dos destinatarios, o acompañamento persoal, e a transformación da realidade a través de procesos de intervención sociocomunitaria.



Recursos humanos

Durante o ano 2022 a Federación don Bosco e as súas entidades membro contaron coa axuda de mais de 550 voluntarios e 107 persoas contratadas para o desenvolvemento dos seus programas e actividades, xa sexa de xeito puntual ou continuado.



COVID 19

Algunhas das actividades recollidas nesta memoria sufriron modificacións causadas pola crise sanitaria da COVID19, principalmente no primeiro trimestre do ano, debendo realizarse con máscara, ou en datas distintas ás habituais.





programas e actividades agrupadas por destinatarios



infancia

A Federación Don Bosco, dende os seus inicios, tivo presente a opción polos rapaces e rapazas máis pequenos nas nosas actividades de Tempo libre educativo .



Programa calidade de vida infantil

Este programa englobou un elenco de actividades de educación no tempo libre, prevención e potenciación da participación infantil, realizado nas 5 asociacións que conforman a nosa entidade .

Ofertamos unha alternativa lúdico-educativa ás actividades convencionais mediante unha proposta de accións, espazos e recursos diferenciados polos distintos tramos de idade cos que traballamos (3-5 anos, 6-7 anos, 8-10 anos, 11-13 anos, 14-15 anos e 16-17 anos), creando un espazo complementario ao escolar e familiar para contribuír ao desenvolvemento integral do menor.

O obxectivo principal do programa foi o de posibilitar o acceso dos nenos e nenas en situacións de risco social, a unha oferta ampla de tipo lúdico e educativo.

Actividades realizadas:

- 3 campamentos infantís
- Ludotecas Infantís
- Programa de Festas Tradicionais
- Promoción do deporte infantil
- Excursións e xuntanzas
- Acampadas, saídas de fin de semana
- Proxecto “A Tope na Ponte”
- 5 campamentos urbanos infantís (Vigo, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo)
- Bibliotecas infantís
- Revistas infantís
- Grupos de Tempo Libre Saltimbanquis
- Grupos de Tempo Libre Andaina
- Grupos de Tempo Libre ADS




Programa de inclusión social

O programa propuxo aos menores, tamen a adolescentes e mozos, en maior situación de risco de exclusión dos nosos barrios, proxectos e servizos sociais encamiñados á súa participación, socialización, inserción e promoción socioeducativa.

O programa pretendeu evitar as causas que provocan ou favorecen os procesos de marxinación que dificultan ou menoscaban o libre e pleno desenvolvemento dos menores.

Actividades realizadas:

- Reparto de alimentos a familias empobrecidas pola crise da COVID19
- Apoio ao estudo
- Aulas de compensación educativa
- Técnicas de estudo
- Actividades de motivación
- Actividades lúdicas
- Obradoiros de idiomas
- Salas de encontro e de socialización
- Pildora formativa: Saúde Mental
- Pildora formativa: Desenvolvemento evolutivo dos nenos e nenas de 3 a 12 anos. Características e cambios.
- Cápsula formativa: Cambios na adolescencia
- Cápsula formativa: TIC's
- Cápsula formativa: acoso escolar



Programa Xoga en galego

Este programa ten por obxectivo traballar pola normalización e promoción da lingua e cultura galegas.

Actividades realizadas:

- Concursos Hipercurtos contos e publicación dos hipercurtos seleccionados
- Campaña Mellor dito
- Edición de monográficos
- Exposicións

Mocidade

Programa educación en valores

O programa ofreceu aos mozos espazos onde desenvolver as súas capacidades e habilidades e onde poden gozar de experiencias de vida positivas baseadas no respecto, a convivencia, a tolerancia e a solidariedade.

O programa constou de unha serie de actividades deseñadas para favorecer a reflexión, a comunicación, a negociación, a toma de decisións e a adquisición de valores así como a resolución non violenta dos conflitos por parte do colectivo xuvenil.

Actividades realizadas:

- 3 campamentos de verán
- 1 Campamento Urbano xuvenil 1(Vigo)
- 1 Campamento Urbano xuvenil 2 (Ourense)
- Salas Abertas de acceso libre a mozos.
- Excursións
- Acampada para mozos
- Actividades de promoción deportiva
- Encontros de xuventude (presencial e online)



Programa axuda ao emprego

Este programa ten como obxectivo promover a integración sociolaboral de mozos mediante a posta en marcha de accións de información, formación, asesoramento e acompañamento que favorezan a súa inserción

Actividades realizadas:

- Formación e acceso ás tecnoloxías da información (7 cursos)
- Proxecto Enredados
- Grupos de formación e seguimento personalizado
- Obradoiro páxinas web

Programa promoción de la igualdad

Os 5 eixes que suscitamos neste programa traballouse de xeito transversal nas distintas áreas e actividades da entidade coa mocidade a súa autoestima, autonomía, afectividade, o seu xeito de relacionarse co seu grupo de iguais e cos educadores de ambos sexos, fomentando os valores do respecto e igualdade.



Actividades realizadas:

- 5 obradoiros para mozos e mozas
- Mulleres na historia
- Muller e cine



Programa educación para a saúde

O noso programa baseouse na realización coordinada dunha serie de actividades relacionadas coa atención sociosanitaria que tiña como obxectivo desenvolver actitudes de prevención ante riscos contra a saúde e a promoción de hábitos de vida saudable.

Actividades realizadas:

- Campañas e concursos
- Festas alternativas
- Obradoiros de saúde
- 10 Concertos nocturnos libres
- 4 Espazos aulas de informática con acceso libre/ WIFI/ ciber xuvenil
- 5 Salas interxeracionais

familias

Unha parte importante das nosas accións é o traballo directo coas familias dos nosos destinatarios principais


Programa obradoiros con adultos

O programa se basou en diferentes accións formativas con pais e nais.

As sesións leváronse a cabo de forma activo-participativa a través de tres modelos: informativo, instrutivo e social.

Actividades realizadas:

- Obradoiro : Intelixencia emocional
- Obradoiro : Poñendo límites e pactando
- Obradoiro : Desenvolvemento evolutivo dos nenos e nenas de 3 a 12 anos. Características e cambios
- Obradoiro : Cambios na adolescencia
- Obradoiro : Mostramos afecto na familia
- Obradoiro : Lecer en familia
- Obradoiro : Hábitos saudables



voluntariado

Federación Don Bosco é unha asociación de voluntariado desde as súas orixes. Entre todos e todas os que formamos parte dela ímonos responsabilizando de distintos sectores e proxectos. Cremos na xente moza, e de aí que toda a historia da entidade sexa unha historia de compromiso que xorde no cotián e en distintas idades e momentos. Facilitamos ese camiño de traballar gratuitamente polos demais, e sobre todo pola xente máis nova.

Programa formación e promoción del voluntariado

Ten como obxectivo principal o dotar da formación necesaria ás persoas voluntarias que traballan nos nosos programas de atención a menores e mozas con necesidades educativas e de inserción social.

Actividades realizadas:

- 2 Cursos básico de formación de animadores I
- 1 Curso básico de formación de animadores II
- 1 Curso básico de formación de animadores III
- Proxecto formación "Venres de animadores"
- Curso de monitores/as de tempo libre
- Curso de directores/as de tempo libre
- 14 cursos monográficos para a formación de voluntariado (online y presenciais)
- Seminarios, charlas e obradoiros formativos
- Cursos para equipos directivos e de xestión
- Puntos de información Xuvenil
- Centros de recursos e bibliotecas de animación



Programa Reconoce



O proxecto RECONOCE puxo en marcha un sistema para mellorar a empregabilidade dos e as mozas, recoñecendo e visibilizando as competencias e habilidades adquiridas mediante o voluntariado e a participación en actividades de educación non formal.

Actividades realizadas:

- Intermediación con empresas para ampliar a Rede RECONOCE de empresas colaboradoras
- Campaña de sensibilización polo recoñecemento das capacidades dos mozos e mozas
- Acompañamento e asesoría a mozos participantes
- Selección de avaliadores de competencias
- Formación para os avaliadores
- Divulgación de logros e resultados
- Mesas de diálogos con empresas

economía

A Federación Don Bosco, e as súas entidades membro, contaron no ano 2022 co apoio económico para a realización dos programas de entidades públicas e privadas. A continuación mostramos as gráficas de ingresos e destino de gastos que fixeron posible as actividades deste ano.



Colaboración



traballo en rede

Sempre tivemos claro que nós non chegamos a todos nin podemos avanzar en reflexión e en acción. Traballar en rede é clave para poder ter calidade e eficacia nun proxecto de tempo libre educativo.

Representación en outras entidades e plataformas

Participamos activamente xunto con outras entidades do sector en asociacións e plataformas coas que compartimos áreas de acción



Calidade

Durante o ano 2022 continuamos coa certificación de que dispomos de un sistema de protección á infancia



Don Bosco



FEDERACIÓN
DE CENTROS XUEVÍS DON BOSCO
DE GALICIA

Somos
5 asociacións
xuevís en Galicia...

 **A Coruña**



Centro xuvenil **Abeiro**

📍 Rua D. Bosco 1

☎ 693 846 023

✉ cxabeiro@cxabeiro.org

🌐 www.cxabeiro.org

 **Lugo**



Asociación xuvenil **Ateibo**

📍 Praza da Milagrosa 10,

☎ 982 214 957

✉ ateibo@salesianoslugo.es

🌐 www.ateibo.salesianoslugo.es

 **Ourense**



Asociación xuvenil **Amencer**

📍 Praza D. Bosco I, baixo

☎ 988 218 123

✉ amencer@amencer.org

🌐 www.amencer.org

 **Santiago de
Compostela**



Centro xuvenil **Don Bosco**

📍 Rúa Belvís 2

☎ 981 582 243

✉ cxdonbosco@cxdonbosco.org

🌐 www.cxdonbosco.org

 **Vigo**



Asociación xuvenil **Abertal**

📍 Rúa Venezuela 3, baixo

☎ 986 225 662

✉ abertal@abertal.org

🌐 www.abertal.org

que **move**
de **mocidade**
se **transforma**
mocidade

